

Memoria do curso académico 2012/2013 do CITI

Sumario

- 1 Introducción
- 2 Equipo de dirección e administración
- 3 Actividades de colaboración con asociacións empresariais, centros tecnolóxicos e empresas
- 4 Proxectos
- 5 Apoio a investigadores do CITI e do campus de Ourense
- 6 Actividades desenvolvidas na planta Piloto
- 7 Accións desenvolvidas no CITI
- 8 Actuacións de promoción e difusión
- 9 Elaboración e aprobación da normativa de funcionamento interno do CITI
- 10 Aprobación dos convenios cos grupos de investigación do CITI
- 11 Melloras, reparacións e novas instalacións e equipos
- 12 Páxina web do CITI

1 Introducción

A presente memoria é un resumo das actividades desenvolvidas no CITI (Centro de Investigación, Transferencia e Innovación da Universidade de Vigo) durante o curso académico 2012/2013. Descríbense as actividades realizadas dende outubro de 2012 ata setembro 2013.

2 Equipo de dirección e administración

As actividades descritas son froito dun traballo en equipo no que se integran:

- Director: Xosé Antón Vila Sobrino
- Técnica de biotecnoloxía encargada da planta Piloto: Beatriz Díaz Reinoso
- Técnica da oficina de proxectos de I+D+i: Iría Fírvida Plaza
- Bolseira de I+D+i: Alexandra María Ramírez Pérez
- Bolseira de informática: María Stella Orozco Ochoa

As incidencias máis destacadas acaecidas con respecto ao equipo foron as seguintes:

O día 28 de febreiro de 2013 cesou no seu posto a petición propia a técnica da oficina de proxectos e o seu posto non foi cuberto.

O día 30 de xullo de 2013 tamén cesou a bolseira de I+D+i.

O día 1 de setembro de 2013 incorpórase ao CITI un auxiliar administrativo, Manuel, cun contrato de 6 meses para paliar un pouco os ceses anteriores, en espera de que se cubra definitivamente o posto vacante de técnico de I+D, contemplado na RPT.

3 Actividades de colaboración con asociacións empresariais, centros tecnolóxicos e

empresas

O día 5 de outubro de 2012 celebrouse nas instalacións da Tecnópole a xornada “**5 Sentidos Para Innovar**”, organizada co fin de coñecer en profundidade o entorno empresarial da Tecnópole, facilitar as relacións profesionais e agudizar os sentidos para innovar de forma colaborativa. Como resultado das relacións e contactos conseguidos nesta xornada, o director do CITI leva mantido desde entón reunións con varias empresas do parque tecnolóxico, co fin de atopar sinerxias que conflúan en colaboracións entre a universidade e as empresas. Algunhas destas empresas foron **Roberto Verino, Open Sea Gourmet** ou **Consultoría de Técnicas Ambientales**.

O día 17 de outubro de 2012 levouse a cabo na Cámara de comercio do Parque Tecnolóxico San Cibrao das Viñas a xornada “**Feira do Coñecemento**”, na cal o director do CITI fixo unha presentación das capacidades do centro. Despois das exposicións programadas, tiveron lugar uns encontros “**one to one**” nos que empresas interesadas en algún ou algúns dos servizos que ofrece o CITI se sentaron a falar cos representantes do centro presentes na xornada. As empresas que solicitaron información buscando solución ás súas demandas tecnolóxicas no CITI foron **Alvtek, Espinosa & Carro, Madera + e Formato Verde**.

O día 6 de novembro de 2012, celebrouse no Viveiro de Empresas do Parque Tecnolóxico de Galicia, a xornada “**Eficiencia Energética e Inteligencia Tecnolóxica**” na que o grupo de investigación de Informática Aplicada do CITI fixo unha presentación das capacidades do seu grupo de investigación.

O día 22 de febreiro de 2013 celebrouse nas instalacións da Tecnópole a xornada “**5 Sentidos Para Innovar**”, organizada co fin de coñecer en profundidade o entorno empresarial da Tecnópole, facilitar as relacións profesionais e agudizar os sentidos para innovar de forma colaborativa. O CITI participou cunha presentación que incluía a descrición do Centro e a súa misión, así como unha breve reseña dos grupos de investigación presente no centro.

O día 15 de abril de 2013, o director do CITI mantivo unha reunión con Pepe Solla e o seu equipo, na que se debateu a posibilidade de crear un centro de Innovación de Tecnooxía dos alimentos na cidade do Ourense.

O día 18 de xullo de 2013, representantes do concello e das tres universidades galegas (entre un dos participantes o director do CITI, Xosé Antón Vila) visitaron o parque “Xardín de Montealegre” da cidade de Ourense e mantiveron unha primeira reunión para pór en común ideas e proxectos que poidan ser de utilidade para potenciar o desenvolvemento do espazo e seguir os pasos necesarios para iniciar o proceso de constitución do Xardín Botánico de Montealegre.

O día 27 de agosto o director do CITI mantivo unha reunión con dous investigadores que están pensando en crear unha EBT (Empresa de Base Tecnolóxica) e contemplan a idea de instalarse no CITI. A reunión foi positiva e ao longo do mes de setembro celebráronse novas reunións, cos vicerreitores de Investigación e Transferencia, para tratar de concretar esta interesante posibilidade.

4 Proxectos

Recentemente finalizaron os proxectos institucionais REAL e LABMAT, dos que demos cumprida información nas memorias dos anos anteriores. Actualmente está asinado un novo proxecto, ECORAE, sendo a universidade de Vigo un dos socios do mesmo. Aínda que o proxecto xa se

inicio, as actividades que se van a desenvolver no CITI iniciaranse nos vindeiros meses, polo cal non se recollen nesta memoria.

Non obstante cabe mencionar que o director do CITI, Xosé Antón Vila, xa participou nunha reunión do Comité de Expertos, o día 22 de febreiro

5 Apoio a investigadores do CITI e do campus de Ourense

A actividade da Oficina de Proxectos de I+D+i céntrase en dar soporte e apoio aos investigadores do CITI e do Campus de Ourense para que poidan crear coñecemento a partir da investigación ou transferir coñecemento dende a Universidade ao tecido empresarial. É parte importante en todo este proceso a consecución de financiamento a través de convocatorias competitivas. Así, a oficina de proxectos leva apoiado varias consultas nos últimos meses:

- Consultas a cerca da adquisición de equipos por medio de cesións
- Consultas sobre distintas convocatorias
- Apoio na solicitude de proxectos da convocatoria de investigación fundamental non orientada do ano 2012

6 Actividades desenvolvidas na planta Piloto

Visita á planta Piloto dun grupo alumnos xunto coa profesora Anunciación Lafuente o día 15 de febreiro de 2013.

O día 26 de febreiro de 2013 recibíuse a visita dun grupo de 12 alumnos (do ámbito de humanidades) para coñecer as instalacións e funcionamento do CITI. Este grupo pertence ao Obradorio de emprendemento que se celebrou no Campus de Ourense.

O día 4 de xullo de 2013 un grupo de 11 persoas acompañadas por Beatriz Tejada (Técnica de Proxectos del TECNOPOLE) mantiveron unha reunión co director do CITI na que se les deu a coñecer o funcionamento do centro e os grupos de investigación no CITI. Trala reunión, fixeron un percorrido polas instalacións do centro.

A continuación móstrase unha táboa onde se reflexa as reservas que tiveron os equipos da planta piloto entre os meses de setembro de 2012 e xuño de 2013:

Equipo	Días que estivo ocupado
Extractor de CO2 supercrítico	140
Equipo de Altas Presións Hidrostáticas (HPP)	2
Equipos de separación cromatográfica HPLC	55
Reactor a presión PARR	5
Fermentador de cubas múltiples BIostat Q	65
Equipo de fermentación de 50 litros con xerador de	6

vapor	
Extrusora de termoplásticos EUROLAB	3
Máquina Universal de Ensaíos mecánicos	6
Equipo de medida da permeabilidade de osíxeno	1

* No anexo I móstranse os espazos e equipamentos dos que dispón o CITI.

7 Accións desenvolvidas no CITI

No mes de novembro de 2012, o CITI fixo unha solicitude do PTA do ministerio para a oficina de proxectos de I+D+i. Finalmente, a persoa solicitada no CITI quedou con moi boa puntuación , pero debido a competitividade existente esta persoa quedou en lista de agarda.

Durante o mes de novembro de 2012 realizáronse varias catas de licores de herbas, produtos obtidos como resultado das investigacións realizadas no laboratorio de Biotecnoloxía Agroalimentaria, comezando así a ser utilizada a sala de catas (M1-P1 Esquerda).

No mes de maio de 2013, na sala de catas, o laboratorio de Biotecnoloxía Agroalimentaria realizou varias catas de aceitunas.

8 Actuacións de promoción e difusión

Ademais da asistencia a múltiples xornadas e eventos onde se realizaron presentacións das capacidades e servizos que se ofrecen desde o CITI, no mes de decembro encargouse o deseño e impresión de 1.000 carpetas promocionais do centro. Estas carpetas inclúen unha breve descripción:

- do centro e a súa estruturación,
- dos servizos e equipos dispoñibles na planta Piloto, así como, das condicións de emprego dos mesmos.

Ademais, tamén inclúen un breve resumo das liñas de investigación de cada un dos dez grupos de investigación, que hoxe teñen un espazo no centro.

9 Elaboración e aprobación da normativa de funcionamento interno do CITI

O día 29 de febreiro de 2012 na sala de xuntas do CITI tivo lugar unha reunión á que acudiron representantes de cada un dos grupos de investigación do CITI e, ademais, a responsable da planta Piloto e da oficina de proxectos. Nesta reunión decidiuse a configuración da Comisión Xestora do centro. Unha vez constituída esta comisión, o director do CITI elaborou un borrador de normativa para o CITI que foi debatido polos membros da Comisión Xestora nunha reunión o día 13 de xuño de 2012. O 13 de marzo de 2013 a normativa foi presentada e aprobada por unanimidade da Comisión e remitida á presidenta da Comisión de Investigación.

A normativa do funcionamento interno do CITI foi aprobada en el Consello de Goberno de 21 de marzo de 2013.

10 Aprobación convenios cos grupos de investigación do CITI

Coa aprobación da normativa de funcionamento interno do CITI, polo Consello de Goberno o día 21 de marzo de 2013, no se que establece que: “os laboratorios do CITI están ocupados polos grupos de investigación, e dita asignación de espazos deberá ser confirmada coa sinatura do corresponde convenio”, cada un dos grupos de investigación firmou o acordo coa Universidade no que se especifica a cesión do laboratorio de investigación e as condicións que o grupo adxudicatario se compromete a respetar.

11 Melloras, reparacións e novas instalacións e equipos

Reparación e adecuación no laboratorio de microbioloxía que posibiliten a súa acreditación con nivel de seguridade P3 co fin de conseguir a validación do mesmo. O proceso de validación está actualmente aberto, esperando que se consiga a acreditación P3 no ano 2013.

Para solventar as constantes avarías, provocadas pola alta humidade e a gran cantidade de po, que sofren os SAIs realizáronse unhas pequenas obras consistentes na instalacións de unha caseta prefabricada na planta técnica do módulo 3.

Actualmente o CITI aínda conta con algunhas deficiencias estruturais, pois, por exemplo, seguen aparecendo goteiras cando chove.

Obras presupostas e pendentes de realización: fíxose un estudo das deficiencias das goteiras e elaborouse unha proposta de mellora. Está previsto realizar obras para eliminar gran parte destas goteiras no mes de setembro. Tamén se realizará unha obra na cafeteira consistente na apertura dunha ventá para dar máis luminosidade.

12 Paxina web do CITI

Dende o mes de maio de 2012 véñense facendo diversas xestións para facer unha actualización da páxina web do CITI. Mantivéronse varias reunións cos servizos informáticos do Campus de Ourense, para a elaboración e mantemento da nova web do CITI. Adicionalmente, contratouse cunha empresa externa o deseño estético da páxina. Está previsto que durante o mes de setembro se publique a nova páxina.

En Ourense, a 5 de setembro de 2012

Asdo. Xosé Antón Vila Sobrino

Director do CITI

Anexo I. Equipamento dispoñible no CITI

O equipamento científico a disposición dos grupos do CITI e de outros usuarios externos é actualmente o seguinte:

Analizador de espazo de cabeza CheckMate 3 de SYSTECH Illinois.

Autoclave AES-150 de Raypa.

Balanza analítica AX-200 de Cobos.

Balanza CB Complet de Cobos.

Balanza MXX-5001 de Denver Instr.

Baño termostático Digiterm 200 de Selecta.

Cabina de fluxo laminar AV-100 de Telstar.

Clarificadora centrífuga Clara 20 de Alfa Laval.

Compresor de aire Comtabe.

Descalcificador cronométrico Compact.

Disruptor celular de Constant System.

Equipo de altas presións hidrostáticas de Stansted Fluid Power.

Equipo de filtración con membranas Labstak M20 de Alfa Laval.

Equipo de filtración con membranas Sartoflow 10 de Sartorius.

Equipo de medida a la permeabilidade de osíxeno PermMate de SYSTECH Illinois.

Equipo de medida de permeabilidade de osíxeno modelo 8001 de SYSTECH Illinois.

Equipo de medida de permeabilidade de vapor de auga modelo 7001 de SYSTECH Illinois.

Equipo de purificación de auga AURIUM 611 de Sartorius.

Equipo de purificación de auga ELIX20

Estufa de Selecta.

Extrusora Eurolab 16 de Thermo Fisher.

Fermentador 50 L Biostat D de Sartorius.

Fermentador airlift con unidade de control Biostat B de Sartorius.

Fermentador de cubas múltiples Biostat Q de Sartorius.

FPLC AktaPilot de GE Waters.

Hornillo axitador magnético de Velp scientifica.

HPLC Agilent 1200 Serie.

Máquina de ensaios universais Autograhp 50 kN de Shimadzu.

Micrómetro calibrador medidor de espesores de film de Sylvac.

Mufla de Carbolite.

pHmetro BASIC 20 de Crison.

Planta de extracción supercrítica de Thar.

Reactor a presión de Parr.

Seladora a baleiro V-Sealcom de Selecta.

Sistema de purificación de auga (Elix 5UV, Tanque ASM, Milli-Q Advantage A10) de Millipore.

Ultracentrífuga L-100 XP de Beckman Coulter.

Xerador de vapor GE-45 de Atsu.